

3.A. A composición

Despois de analizar os elementos básicos da linguaxe gráfico-plástica, estudaremos como **organizar é compoñer** estes elementos para conseguir que os nosos traballos sexan do noso agrado e transmitan a mensaxe que nos queremos aos que os vexan ou lean.

Do mesmo xeito que as notas que compoñen unha partitura musical poden estar ben combinadas e así resultar agradables e harmónicas ao oído, unha composición ou distribución dos elementos gráficos como os puntos, liñas, planos, cores, luces, tamaños das formas, etc. Poden resultar acertados e harmoniosos a vista.

Podemos dicir entón, que **unha composición gráfico-plástica é a distribución (acertada e equilibrada) dos elementos que a compoñen para conseguir transmitir sensacións visuais atractivas e atraentes aos que a miran ou observan unha imaxe.**


3.A.1 Principios da composición

Se temos que realizar unha obra ou tarefa propia en plástica, aplicando uns principios compositivos básicos, obteremos mellores resultados visuais e a valoración por parte do espectador será máis positiva.

3.A.2 Centro de interese

O centro de interese é o punto visual central dunha obra, é cara onde vai a mirada do espectador. Este pode estar indicado por unha forma diferente as demais, por diferenza de luz, por unha cor máis contrastada, por confluencia de liñas, eta. Nunha composición pode haber un ou varios puntos de vista.

No cadro de **Goya**, que temos á dereita, o centro de interese está na figura con maior claridade da obra.



Fusilamientos del 2 de Mayo. F. Goya.
[Wikimedia Commons](#). Dominio Público
Modificado. M. Busto. [CC BY-NC-SA](#)

3.A.4 Dirección da mirada

Nunha obra onde aparece algún personaxe sempre temos que ter en conta a onde mira este, procurando darlle espazo no plano da imaxe cara a dirección da mirada.

Esta regra supón que o que mira faino dentro do cadro e non fora.

En ocasións, os personaxes miran ao espectador.

Na obra de Goya, vemos novamente como o que vai ser fusilado mira aos seus executores indicándolle aos espectadores un punto de interese para a reflexión.




Fusilamentos do 2 de Maio. F. Goya.
[Wikimedia Commons](#). Dominio Público
Modificado. M. Busto. [CC BY-NC-SA](#)

3.A.5 Regra dos impares

Esta regra indica que unha composición faise máis agradable cando os elementos de interese están acompañados por un número par de obxectos.

A repetición con diferencias é unha constante nas composicións, deste xeito, o espectador ten máis información sobre o que o cadro ou imaxe conta e a historia pode ser máis completa. Pódense repetir formas, cores, texturas ou calquera outro elemento da composición que axude á narración.

No cadro vemos que o personaxe principal está acompañado por outros en diferentes posicións que tamén correrán o mesmo destino. Logo están os mortos, e tamén os campanarios entre outros.




Fusilamientos del 2 de Mayo. F. Goya.
[Wikimedia Commons](#). Dominio Público
Modificado. M. Busto. [CC BY-NC-SA](#)

3.A.6 Regra dos terzos

Esta é unha regra empregada frecuentemente polos creadores de imaxes para ter unha guía compositiva, evitando unha disposición monótona (aburrida) e pouco atractiva dos elementos importantes nunha composición como por exemplo, o centro de interese, liñas de tensión, puntos de interese secundario, evitar que a liña do horizonte corte pola metade á imaxe, eta.

Fíxate na imaxe da dereita e nas liñas brancas que dividen o cadro en bloques de tres espazos tanto en horizontal como en vertical. Os puntos redondos de intersección das liñas serían os ideais para situar os centros de interese do cadro.

A figura branca está sobre a liña vertical da esquerda.



Fusilamientos del 2 de Mayo. F. Goya.
[Wikimedia Commons](#). Dominio Público
Modificado. M. Busto. [CC BY-NC-SA](#)

3.A.7 Equilibrio do peso dos elementos

O equilibrio entre os elementos que ocupan espazo nunha imaxe é outra regra importante que o deseñador ou debuxante ten que ter en conta.


Se non se crea unha composición simétrica, hai que distribuír compensando correctamente os elementos ou grupos de elementos como figuras, formas, cores cos seus valores tonais, eta. Pois córrese o risco de que a obra creada sexa inestable e confusa para o espectador.

No cadro de Goya, vemos como as masas de figuras están correctamente situadas na plano, equilibrándose tamén nos valores tonais claros á esquerda (maior peso), e escuros á dereita (menor peso). Neste caso é así pero podería ser ao revés.


Simétrico



Peso equilibrado



Pesos. M. Busto. CC BY-SA



Fusilamentos do 2 de Maio. F. Goya.
[Wikimedia Commons](#). Dominio Público
Modificado. M. Busto. CC BY-NC-SA

3.A.8 Resultado final da análise


Finalmente temos o esquema compositivo final do cadro de Goya.

Descrición:

- Os ovoides son os centros de interese da obra. O máis grande é o máis importante.
- As liñas brancas correspóndense coas direccións ou tensións que se xeran na imaxe.
- Os círculos amarelos son os grupos de persoas que se equilibran entre eles.
- O eixe vertical que divide o cadro en dous pasa polo personaxe que espera a ser fusilado.



Fusilamientos do 2 de Maio. F. Goya.
[Wikimedia Commons](#). Dominio Público





Fusilamientos do 2 de Maio. F. Goya.
[Wikimedia Commons](#). Dominio Público
Modificado. M. Busto. [CC BY-NC-SA](#)

3.A.9 Esquemas compositivos

Cando creas unha imaxe, sempre se pode subtraer un esquema compositivo. Os esquemas poden ser simples como os que temos debaixo ou compostos cando empregamos dous ou máis esquemas simples.

Os esquemas da imaxe son os máis habituais pero analizando imaxes de arte, fotografía, deseño, eta. Podemos atopar moitos máis.




3.A.10 A simetría e a repetición nas composicións


Nas composicións podemos establecer pautas ou regras que nos permiten crear imaxes estáticas, equilibrando as tensións que se xeran entre os elementos ou obxectos que forman parte desa composición.

A simetría é unha regra que nos permite equilibrar dous ou máis elementos nunha composición empregando un eixe (liña) ou un centro (punto), como referencia para establecer este equilibrio.


Xeométrico



Artístico



Xeométrico





Artístico




3.A.11 A simetría e a repetición nas composicións

A **repetición** ou modulación no espazo dos elementos (debuxos, obxectos,...) que participan nunha composición é un recurso que aporta unha redundancia ou insistencia repetitiva das formas de xeito que ao final con moitos elementos repetidos formamos un todo (debuxo feito con outos), resultado desa combinación .

Módulos xeométricos




Repetición libre




3. A.12 A proporción áurea

A proporción áurea, baseada na sección áurea, ben a ser a división do espazo aplicando a xeometría ou a aritmética de tal xeito que conseguimos unha relación harmónica de cada unha das partes co todo. A idea é que podemos achar o chamado rectángulo áureo dividindo un segmento en partes proporcionais harmónicas e incluso buscar o centro áureo dun plano rectangular.

Os gregos aplicaron estes procedementos xeométricos a moitas das súas construcións como o Partenón en Grecia -[ligazón a un vídeo sobre a proporción](#)-. Ao longo do tempo ténselle aplicado a proporcionalidade áurea a moitas obras artística e arquitectónicas. O carné de identidade e as tarxetas bancarias son un rectángulo áureo, deste xeito, estandarízanse as medidas destes obxectos para facilitar o uso en aparellos electrónicos e o gardado nas carteiras.



Rectángulo áureo



Espiral áurea






Sección áurea. M. Busto. CC BY-NC-SA

3. A.13 Os formatos na plástica, no deseño e no debuxo técnico

Falamos de formatos cando nos referimos ao espazo que ocupa unha imaxe gráfica analóxica ou dixital plana, tanto na plástica e deseño como no debuxo técnico.

Tipos de formatos:


- **Formato horizontal:** Apaisado (mariña). Produce unha sensación de repouso, tranquilidade e estabilidade. Na pintura de paisaxe, mar e barcos.
- **Formato vertical:** Figura ou retrato. Sensación de fragilidade e elevación e espiritualidade.
- **Formato cadrado:** Formato moi empregado actualmente para todo tipo de representacións. Produce unha sensación de equilibrio no sentido vertical e horizontal. Apto para imaxes abertas e que se expanden aos laterais.
- **Formato redondo:** Menos empregado. Sensación envolvente e moi centrada.



O debuxo técnico busca a representación gráfica das cousas dando a información suficiente para analízalas e se é o caso, facilitar a súa construción. A representación gráfica faise sobre un plano que ten unhas medidas concretas. Os chamados folios que empregamos habitualmente son un formato A4 (297 x 210 mm).

O debuxos de tipo técnico realízanse axudándose de medios dixitais como os programas instalados nos ordenadores e impresos en grandes impresoras (ploters).

No lateral tes a relación de formatos ISO, empregados en todo o mundo para as representacións técnicas que comezan no A0, e van dividíndose a metade ata rematar no A8.



3.A.14 Actividade: Caderno de debuxo

- Realiza un debuxo compoñendo con puntos, liñas e planos.
- Técnica seca ou húmida. Ten en conta as condicións do caderno.
- Podes partir dunha composición real que propón o profesor ou aportar outra da túa propia colleita.
- Colorea debuxando ou enchendo espazos.
- Antes de entregar o traballo, analiza a composición por se está desequilibrada, se tes que potenciar o centro de atención da imaxe, etc.
- Valora o traballo rematado segundo a táboa ou rúbrica que tes debaixo.
- No lateral tes dous exemplos de liñas, planos e puntos.



M. Busto. CC BY-NC-SA



Composición. Mariña. CC BY-NC-SA

3.A.15 Táboa de valoración da tarefa

CONCEPTOS	Excelente 4	Ben 3	Aceptable 2	Insuficiente 1	Ponderación	Nota
Debuxo e composición	O debuxo é excelente así como a composición.	O debuxo está ben e a composición esta correcta.	O debuxo está correcto e a composición tamén, aínda que tería que facer cambios.	O debuxo está feito de xeito descoidado e a composición non está ben resolta.	x1	
Cores	As cores adecúanse ao debuxo e á composición.	As cores están ben resoltas.	As cores son correctas para o que se pretende.	A cor non se adecúa ben ao que se pretende.	x1	
Creatividade	Excelente resultado visual da totalidade. Moi creativo e orixinal. Interese polo debuxo.	O conxunto ten bo aspecto. É creativo e mostra interese polo bo resultado da tarefa.	O conxunto ofrece un resultado visual aceptable. Mostra interese.	O conxunto non ofrece un bo resultado visual. Pouco creativo. Nótase falta de interese.	x1	

2-2.13 Dereitos de autor

A *Composición*. Manuel Busto Magdalena, con licenza:



Dentro do curso: *O tempo e o espazo con liñas e cores* por Maribel Iglesias - Manuel Busto. Baixo licenza

[Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 3.0 España](#).

Créditos e autoría:

Úsanse imaxes e recursos de produción propia, que se fan públicos con licenza CC BY-SA, ou CC BY-NC-SA, outras de dominio público, con licenza creative commons, GNU... tomados preferentemente de bancos de recursos educativos abertos. Tamén se empregan, acolléndose ao dereito de cita segundo a lexislación vixente, imaxes e recursos diversos de diferentes páxinas web, e lígase -cando é posible- a súa licenza ao pé dos propios recursos.

Outras licenzas:

Quedan fora desta licenza as imaxes, recursos... que manteñen a súa propia licenza, sinalada en cada caso.

Bibliografía de consulta

Velázquez Pérez, M. A., Ortiz de Lejarazu, F. “A educación plástica e visual dende as TIC” [En liña]. Dispoñible: http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1369051774/contido/plastica/index_ga.html . [Consulta: 3-xuño-2014].

“Composición (artes visuales) - Wikipedia, la enciclopedia libre”, [En liña]. Dispoñible: [http://es.wikipedia.org/wiki/Composici%C3%B3n_\(artes_visuales\)](http://es.wikipedia.org/wiki/Composici%C3%B3n_(artes_visuales)) . [Consulta: 9-xuño-2014].

Arnheim, R. “Arte y percepción visual”. Alianza Editorial. Madrid. 1980.

3.A.3 Liñas de dirección ou tensión

As liñas de dirección ou tensión axudan a dar a importancia necesaria aos elementos da composición que o creador quere, por exemplo, ao punto de interese do cadro. Estas están definidas por formas, cores ou obxectos que destacan ou están colocadas dunha forma concreta.

No cadro de Goya, que temos á dereita as liñas dirixen a tensión cara o punto de interese, que neste caso é o personaxe que vai ser fusilado.

Tamén axudan equilibrar a forza ou tensión que unhas liñas exercen sobre as outras no conxunto da composición.

No bodegón de [Cézanne](#), as liñas en branco de diferentes direccións axudan a equilibrar as tensións ou o peso dos obxectos que este pintor introduciu na composición.



Fusilamentos do 2 de Maio. F. Goya.
[Wikimedia Commons](#). Dominio Público
Modificado. M. Busto. [CC BY-NC-SA](#)



Bodegón 187. P. Cézanne.
[Wikimedia Commons](#). Dominio Público
Modificado. M. Busto. [CC BY-NC-SA](#)